

En referencia á solicitude de información con entrada nesta Universidade o 14 de marzo de 2023 formulada por ██████████, con código de rexistro REGAGE23e00015814906, no que solicita *“Copia de los contratos suscritos por la USC con ██████████, bien sean de naturaleza laboral o administrativa, así como sus prórrogas”*, procede indicar:

FEITOS

- 1.- Con data 14 de marzo de 2023 ten entrada nesta Universidade solicitude de acceso á información formulada por ██████████.
- 2.- Con data do 20 de marzo de 2023 déuselle trámite de audiencia á persoa afectada para que puidera realizar alegacións en relación coa posible entrega de información solicitada.
- 3.- Con data do 20 de marzo de 2023 comunicóuselle á persoa solicitante, entre outras cuestións, que *“Procedeuse á apertura dun trámite de audiencia para que ██████████ poida realizar cantas alegacións estime oportunas, interrompéndose o prazo para ditar resolución ata que se reciban ditas alegacións ou transcorra o prazo para a súa presentación.”*
- 4.- Con data do 27 de marzo de 2023, ten entrada nesta Universidade escrito de alegacións da persoa afectada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1.- OBXECTO DA PRESENTE RESOLUCIÓN

A documentación solicitada contén datos de carácter persoal polo que debe terse en conta o establecido no artigo 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (en adiante Lei 19/2013).

Dado que os datos persoais contidos nos contratos de traballo non son cualificados como especialmente sensibles (no sentido do indicado no artigo 15.1 da Lei 19/2013) é necesario establecer unha *“ponderación suficientemente razonada del interés público en la divulgación de la información y los derechos de los afectados cuyos datos aparezcan en la información solicitada, en particular su derecho fundamental a la protección de datos de carácter personal.”*

Por outra banda, o artigo 18.1 da Lei 19/2013 establece as causas de non admisión das solicitudes de acceso á información. En concreto, o apartado e) establece que será causa de non admisión aquelas solicitudes *“Que sean manifiestamente repetitivas o tengan un carácter abusivo no justificado con la finalidad de transparencia de esta Ley.”*

Deste xeito, cómpre que por parte da USC se faga unha ponderación dos dereitos en xogo e se analice se a solicitude de acceso á información incorre nunha causa de non admisión.

2.- TEST DE DANO

En primeiro lugar procede analizar o tipo de información que se solicita. No presente caso, o solicitante pide copia dos contratos de traballo dunha persoa concreta identificable e, polo

tanto, de documentos nos que a súa disociación ou anonimización non resulta eficaz para a salvagarda de datos persoais.

Trátase de documentos que non son públicos e que só son accesibles polo persoal habilitado das entidades contratantes e a Seguridade Social. Neste sentido, nin sequera os sindicatos teñen acceso a ditos documentos completos na USC.

Trátase tamén de documentos que non teñen interese xeral, que nada achegan sobre o funcionamento da USC nin son parte dos seus deberes de transparencia establecidos na lexislación vixente.

En segundo lugar, unha vez analizado o tipo de información obxecto desta petición, procede considerar o manifestado nas súas alegacións pola persoa afectada.

No trámite de audiencia, a persoa afectada indica que *“No consiento en modo alguno que se facilite dicha documentación, que entiendo afecta a mi esfera personal y que, por tanto, debe estar debidamente protegida por ese organismo.”*

Así mesmo indica que *“No conozco la finalidad de la solicitud que formula. A este respecto les hago notar que las copias de contratos de trabajo son documentos comunmente admitidos en el ámbito civil para garantizar operaciones comerciales tales como contratos de préstamo, arrendamiento o servicios y, en este sentido, la mera posibilidad de que se acceda a lo solicitado pone en riesgo mis derechos, me genera indefensión y me produce un gran perjuicio.”*

Sinala en terceiro lugar a persoa afectada que *“En el caso de que esta solicitud tenga por objeto conocer mis servicios prestados en la USC con relación a algún proceso selectivo, entiendo que dicha información la podrá obtener con normalidad en el marco de los correspondientes procedimientos administrativos en los que tenga la condición de interesado, de conformidad con la normativa vigente.”*

E por último indica que *“Considero que esta solicitud tiene un carácter abusivo no justificado con la finalidad de transparencia, por lo que debe ser inadmitida de conformidad con lo previsto en el apartado e) del artículo 18 de la ley 19/2013, de 9 de noviembre de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno.”*

4.- PONDERACIÓN DOS DEREITOS EN XOGO

Tendo en conta o tipo de documentación solicitada e as alegacións presentadas, estamos ante unha situación na que debe prevalecer o interese público de salvagarda de datos persoais e a maior garantía dos dereitos da persoa afectada, debido a que os datos contidos nos documentos afectan a súa esfera persoal ou a súa intimidade, o que resulta un elemento determinante na ponderación dos dereitos en xogo.

A información solicitada carece de interese xeral, afecta exclusivamente a unha persoa concreta, e contén datos persoais dos que a Universidade ten o deber de salvagarda e que son tratados unicamente coa finalidade de realizar o servizo público para o que son recollidos. Facer pública esta documentación vulneraría o establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Así, tendo en conta o anterior e que os datos contidos nun contrato de traballo afectan á intimidade da persoa afectada, a Universidade debe decantarse en favor de non revelar tal documentación dado que é maior o dano que se causaría sobre a persoa afectada que o interese privado do solicitante en obter esta documentación.

5.- ANÁLISE DO CARÁCTER ABUSIVO NON XUSTIFICADO COA FINALIDADE DE TRANSPARENCIA

Así mesmo, débese analizar se estamos ante un caso de non admisión de acordo co establecido no artigo 18.1.e da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

Neste sentido, o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno* adoptou o Criterio Interpretativo 3/2016 relativo ás causas de non admisión das solicitudes de información consideradas repetitivas ou abusivas.

En dito criterio establécese que unha solicitude é abusiva cando se atope nalgún dos supostos descritos na propia norma, entre os que está *“Cuando suponga un riesgo para los derechos de terceros”*. Polo tanto, sen entrar a valorar outros supostos, e polo visto anteriormente estamos neste caso nunha situación de solicitude abusiva ao conter datos protexidos dunha persoa concreta e identificable.

Por outra banda, o devandito criterio establece que unha solicitude de información está xustificada coa finalidade da Lei cando se fundamenta no interese lexítimo de:

- Someter a escrutinio la acción de los responsables públicos*
- Conocer cómo se toman las decisiones públicas*
- Conocer cómo se manejan los fondos públicos*
- Conocer bajo qué criterios actúan las instituciones públicas*

Dito criterio establece ademais que, en consecuencia, non serán xustificadas coa finalidade da Lei cando:

- No pueda ser reconducida a ninguna de las finalidades señaladas con anterioridad y así resulte de acuerdo con una ponderación razonada y basada en indicadores objetivos.*
- Cuando tenga por finalidad patente y manifiesta obtener información que carezca de la consideración de información pública de acuerdo con la definición del artículo 13 de la LTAIBG.*
- Cuando tenga como objeto o posible consecuencia la comisión de un ilícito civil o penal o una falta administrativa.*

En relación con todo isto, procede indicar que estamos ante un posible asunto interpersonal de carácter particular que non responde ás necesidades do coñecemento das políticas e do funcionamento das entidades publicas.

A documentación solicitada non ten transcendencia en relación coa finalidade de control da actuación pública, non encaixa en ningunha das finalidades da Lei nin tampouco pode ser reconducida como tal. Carece de relevancia para o cumprimento dos principios reitores da lexislación de transparencia, en particular, do coñecemento do funcionamento obxectivo da



Universidade, polo que estamos ante unha solicitude de información abusiva, non xustificada coa finalidade da Lei.

Por último procede indicar que a USC ten a disposición da cidadanía na súa web tanto a Relación de Postos de Traballo do persoal da USC como o seu réxime retributivo, polo que os datos de transparencia esixidos pola lexislación respéctanse no presente caso.

6.- CONCLUSIÓN FINAL

Así, realizado o test de dano e a ponderación entre a publicidade do expediente e a súa reserva, procede manter a reserva do mesmo e denegar á persoa solicitante o acceso á información solicitada.

Ademais, a solicitude de información resulta abusiva non xustificada coa finalidade da Lei de transparencia polo que procede a súa non admisión.

Por todo o anterior, esta Secretaría Xeral, RESOLVE:

Desestimar a petición de acceso á información en aplicación dos criterios de ponderación e test de dano establecidos na presente resolución e tendo en conta o establecido no artigo 18.1.e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Esta Resolución comunicarase tamén á persoa afectada en virtude do establecido no artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

O que lle comunico para os efectos oportunos, indicándolle que contra a presente resolución poderá presentar reclamación ante a Comisión de Transparencia de Galicia, no prazo dun mes a contar dende a recepción desta notificación ou dende que se produza a caducidade desta, de ser o caso.

A secretaria xeral

Dulce M^a García Mella

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE n^o 236 do 2 de outubro de 2015).

Notificación mediante comparecencia en sede